



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 4 de outubro de 2021.

**Asunto:** Nomeamento tribunal selección e datas do proceso selectivo do Director, Persoal Docente, Administrador/a e persoas traballadoras participantes no Obradoiro Dual de Emprego “O Castro VII”.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

Vista a Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOGA núm. 22, de data 03/02/2021).

Visto o Convenio de colaboración entre os Concellos de Castroverde, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Ribeira de Piquín para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro Dual de Emprego, de data marzo de 2021, por medio do cal se designa ao Concello de Ribeira de Piquín como promotor do proxecto de Obradoiro dual de emprego.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se concede unha subvención ao Concello de Ribeira de Piquín para a realización do proxecto do Obradoiro dual de emprego denominado “O Castro VI” para 20 alumnos/as traballadores/as.

Considerando o establecido nas Circulares núm. 5/2021 e 6/2021 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, que indican ás instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Examinada a documentación que obra no expediente e de conformidade co establecido na Orde do 31 de decembro de 2020, así como nas Circulares núm. 5/2021 e 6/2021 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear aos seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección do Director/a, Persoal Docente, Administrador/a e persoas traballadoras participantes no Obradoiro Dual de Emprego “O Castro VI”:

Presidente: Dna., Mónica Lamas Beceiro, Técnico en Orientación Laboral do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. María Luz Sandamil Expósito, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Pastoriza (Lugo).

Dna. María del Carmen Díaz Fernández, Persoal Subalterno do Concello de Castroverde (Lugo).

Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local dos Concellos de Riotorto e Ribeira de Piquín (Lugo).





## Concello de Ribeira de Piquín

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o xoves día 7 de outubro de 2021, ás 09:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da constitución do tribunal.

**SEGUNDO.-** Sinalar as datas de celebración dos procedementos de selección de un/ha director/a, dous docentes, un administrador/a e vinte (20) alumnos/as-traballadores/ras participantes no Obradoiro dual de emprego "O Castro VII", e que serán as seguintes:

- DIRECTOR/A: Entrevista e valoración de méritos-Día 7 de outubro de 2021, ás 09:30 horas.
- PERSOAL DOCENTE: Entrevista e valoración de méritos-Día 7 de outubro de 2021, ás 10:30 horas.
- ADMINISTRADOR/A: Entrevista e valoración de méritos-Día 7 de outubro de 2021, ás 12:30 horas.
- ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/RAS: Entrevista e valoración de méritos-Día 8 de outubro de 2021, ás:
  - 09:00 horas para alumnos/as-traballadores/ras do módulo que se vai impartir en Riotorto, A Pastoriza e Ribeira de Piquín.
  - 12:00 horas para alumnos/as-traballadores/ras do módulo que se vai impartir en Castroverde e Pol.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 4 de outubro de 2021.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

